

textos / 83

Baile de sombras

de Fran Godón

Fotografía: Federico Ricca-Klem

RGT

revistagalegadeteatro

— N.º 86 —

“Aló,
no recanto máis negro do desamparo onde
o nunca e o onte trazan a súa cruz de sombras,
os recordos asáltanme.”
(Ángel González *A todo amor. Antología personal*, 1988)

“Somos a nosa memoria,
somos ese quimérico museo de formas inconstantes,
esa morea de espellos rotos”
(J.L. Borges. *Elogio de la sombra*, 1969)

Bailes de sombras na memoria dos personaxes, personaxes que son sombras, personaxes pechados nun espazo cheo de sombras do que non poden saír, para enfrontárense ós seus recordos e a si mesmos diante dun espectador que os observa dende o calidoscopio da súa butaca sen por iso ser alleo ós propios personaxes, que o miran, ven ou presenten.

O texto que agora publica a RGT é unha pequena mostra da maneira de escribir de Godón: experimenta cos espazos, co tempo, cos personaxes, cos roles, coa palabra... Dános indicacións da posta en escena, da escenografía, da iluminación. Os seus textos son ferramentas para a práctica. Para Godón o texto está ó servizo da escena e, en realidade, el prefire escribir durante o proceso de ensaios que na soidade do escritorio.

Coñecín a Fran Godón dunha maneira un tanto cómica. Estábanse a realizar ás probas de selección para a montaxe do *Hamlet* da Aula de Teatro da USC e eu axudaba a Roberto Salgueiro co cásting. Roberto estaba inqueda, agardaba por un actor que xa se tiña presentado outros anos, pero non aparecía. Ían entrando candidatos, aparecera xa unha posible Ofelia, se cadra un bo Polonio... pero non chegaba o fratricida Claudio. Roberto pedíume que saíse e preguntase se había entre os aspirantes algún Antonio. Saín, mirei e vin unha cara coñecida. Lembrabaa dunha foto que saíra na prensa comentando as probas de selección o ano anterior, así de curiosa é a miña memoria para as caras. Pregunteille “es Antonio?”, dixo “non, son Fran”. Pensei: “Roberto diríame Fran e non Antonio?”, así de curiosa é a miña memoria para os nomes. Díxenlle que pasara e Roberto fíxolle a proba. A proba foi moi boa, o melloriño que tiña pasado por alí. Salgueiro comentoulle a dedicación e seriedade que se esperaba dos seleccionados... e díxolle que en breve enviaría un correo coa decisión final. Fran saíu, pero Roberto non as tiña todas consigo. Ó cabo dun pouco chegou Antonio e para non enredarme moito direi soamente que os dous acabaron na montaxe e que, novamente facendo ese xogo de intercambio de papeis como nos enredos shakesperianos, acabaron facendo un o papel que ía facer o outro e viceversa.

Enredos da memoria, xa vedes.

Fran seguiu vencellado ó teatro universitario dentro do grupo Teatro no Aramio. Foi nel onde Fran comezou a desenvolver o proceso creativo que precisaba a súa imaxinación poboadada de personaxes, historias, espazos, luces e sombras.

Tempo despois, convidoume a ver *Baile de sombras* no Principal de Santiago. Presenciei engaiolado a interpretación daquelas dúas mozas cunha melodiosa fonética galega tan difícil de atopar nos escenarios ou na televisión autonómica. A pesar da sobriedade escenográfica e lumínica, da austeridade dos elementos... o espectáculo tocaba ó espectador, e a min en particular porque remexeu fibras sensibles que afectan no persoal. O vínculo que se establece entre A e B é algo tan próximo para alguén que tivera ó seu coidado a un familiar, ou unha nai que coidase á avoa, ou unha relación de parella tóxica... Esa ligazón de dependencia que se xera, na que os roles acaban mudando, o dependente convértese en tirano, o coidador en torpe servidor que todo o fai mal, vítima das continuas chantaxes emocionais...

Baile de sombras é un texto cru, pero tamén ten momentos para o humor e o sarcasmo, para o poético e o metateatral. Como noutros textos de Godón, o espazo é claustrofóbico, tenebroso, o tempo incerto, os personaxes néganse a aceptar o seu lado máis escuro aínda que se vexan na obriga de facelo presionados por outros personaxes tanto ou máis escuros e poliédricos. E os recordos e a memoria complican o baile xerando novas sombras onde parecía haber luces, ou imaxes distorsionadas coma as do calidoscopio, desestabilizando os inestables alicerces dos individuos e das relacións.

Pouco tempo despois de asistir á montaxe de *Baile de sombras*, Fran deume a ler outro texto seu, *Faust box*. E como tampouco son eu moi difícil de enredar aí comezou a miña vinculación cos proxectos teatrais de Uttópico Teatro, facendo o *Faust box*. Atopeime entón coa metodoloxía investigadora de Godón, que vai construíndo o seu propio sistema, e unha maneira hiperactiva e multitarefa de crear durante o proceso moi frutífera, propia da creación contemporánea e que é aínda moi difícil de atopar na maioría das compañías de teatro profesional galegas.

Se cadra, débolle a Fran e á súa hiperactividade creativa algúns dos traballos que conseguín posteriormente, pero non só eu estou en débeda con el. O teatro galego aínda ten que descubrir as posibilidades como dramaturgo de Godón, polos seus textos escritos, mais tamén pola súa capacidade para crealos a partir dos ensaios, para achegar luz no medio das sombras da creación.

Gozade deste *Baile de sombras* como eu gocei tamén do pracer de velo en escena dirixido polo propio Godón. E ogallá poidamos volver gozar todos dunha nova montaxe nas táboas por algunha compañía de teatro.

Toni Salgado, actor.

baile de sombras

(calidoscopio nº 4)

Esta obra estreouse (nunha versión en castelán) o 25 de novembro de 2011 no teatro da Brotfabrik, en Berlín. Estivo interpretada por Manu Lestón e Noelia Iglesias e dirixida por Fran Godón.

A súa estrea en galego tivo lugar o 13 de decembro de 2011 no Teatro Principal de Santiago de Compostela. O equipo artístico era o mesmo.

I

A – levo aquí xa cinco anos quizais seis neste tempo non coñecín outra cousa cada noite o mesmo unha e outra vez as mesmas catro paredes as mesmas butacas onde alguén que non coñezo senta para mirarme todos me parecen iguais tinguidos de branco debe ser polas luces sei que logo falan de min téñoos escoitado como estaba hoxe que palidez tiña na cara como lle brillaban os ollos non parece a mesma de antes non sei que queren que máis queren de min se xa o dei todo

faise a luz e aparece unha escenografía de forma cúbica á que se lle falseou unha perspectiva cónica co que a parte traseira é menos ancha e alta que a dianteira a iluminación ven dende o exterior destas paredes brancas¹ as luces vacilarán ou iranse apagando nos silencios e en diferentes momentos do drama no centro e cara o proscenio unha muller sentada con aspecto elegante pero avellentado detrás unha muller máis nova á que a vida lle afundiou os ombreiros estarán sempre en escena incrustadas dentro desta estraña estrutura interruptores² vellos baúis papeis escritos polo chan e unha cesta con froita completan a escenografía

*silencio
tempo
xorde B*

B – comeza a moverse cantando ou tarareando unha canción rancia de ritmos pegadizos en tons sepia bla bla

A – aínda estás aí

B – non

A – non sexas cínica comigo prohíbocho

B – prohíbesmo

A – si prohíbocho

*silencio
tempo*

A – pensei que xa marcharas

B – se queres voume

A – fai o que queiras espera tráeme os algodóns *sinala sen mirar e aguanta o brazo*

¹Por simplificar concibiuse unha estrutura metálica coa mesma forma e sen falsea-la perspectiva, con arames de aceiro cruzados convertendo o espazo interior do cubo nunha especie de trampa para os movementos. Colgan lámpadas e cables. Toda a iluminación será con lámpadas de filamento.

²Enchufes dos cables no caso da segunda escenografía.

ata que B trae o que ela quere cando o vai facer agárralle o pulso con toda a intensidade e míraa

tempo

B xoga un pouco con ela acariña a como se comezase a excitala e lámbelle a cara como se fose un animal fervendo

A – *soltándoa* cada vez estes produtos son peores *mentres limpa a cara* péganse á pel como resina non volvas traermos estasme a escoitar?

B – si madame

A – un día has levar...

B – *cortando* si! un día hei levar

* * *

B – queres comer?

A – non

B – tampouco hoxe

A – unha artista aliméntase do cariño do público das ovacións das flores dos amantes

B – ultimamente véseche desmellorada non queres un pouco de compota?

A – compota!! que é iso de compota?! eu aliméntome a min non se me bota de comer como ás bestas hoxe comeron?

B – quen?

A – as bestas

B – ...

A – teño unha dor de cabeza...

B – ...

A – *xeme*

B – ...

A – estás aí?

B – onde?

A – realmente vesme tan desmellorada?

B – non supoño que é cousa dos potingues

A – estes non son moi bos

simultaneamente //A – non mos compres máis B – non chos compro máis //

B – xa o sei

A – ben

silencio

tempo

A – lembrás como era?

B – quen?

A – eu lembras como era eu?
 B – non entendo cando?
 A – eu era grande era adorada e... pero ás veces... non recordo ben algunhas cousas... estou segura pero non vexo se os rasos eran azuis ou negros se as flores eran vermellas ou amarelas non lembro se rosas ou caraveis non
 B – *cortando* pinchaban?
 A – que?
 B – se pinchaban eran rosas acórdaste de sangrar?
 A – si pequenos pozos en cada dedo
 B – pingueiras longas e agres
 A – si
 B – esvarando por entre os beizos ata deixar no padal un amargo sabor a derrota e baleiro
 A – si é como o lembro é un recordo?
 B – eu tamén lin a müller *falando normal ou alto de máis*
 A – por que falas tan baixo? querida
 B – *achegándose* para que non me escoites *acariñando coas palabras o seu oído*

* * *

B – córtoche as unllas? *amosando unhas tesoiras de podar*
 A – non
 B – e as dos pés? *uns alicates*
 A – ...
 B – límochas? *unha lima do ferro ou escofina de madeira*
 A – non
 B – píntochas entón brocha ou rodillo? *unha brocha e un rodillo*
 A – quero fumar
 B – ...
 A – oíches?
 B – falas comigo?
 A – quero fumar
 [B – e eu saír de aquí
 A – non podes
 B – ...
 A – quero fumar]³
 B – non podes
 A – quen o dixo?
 B – dígoo eu e ...
 A – *cortando* ti?!!! e quen es ti para prohibirme fumar?!
 B – non se eu non...

³ Prescindible. Decisión na montaxe.

A – se digo que quero fumar é que quero fumar e non vas ser ti nin ningún veterinario coxo deses amigos teus quen mo impida

B – pero é que...

A – nin pero nin pera digo que quero fumar e listo

silencio breve

B – xa está?

A – ...

B – pois agora é cando che digo que non temos tabaco

A – acabouse? vai por máis

B – nunca tivemos tabaco

A – e non...?

B – non

A – como estraño fumar aquelas noites ó pé da cheminea agardando e deixando cae-lo fume suavemente pola gorxa

B – xa

*silencio
tempo*

A – como estiven hoxe?

B – que?

A – como estiven hoxe?

B – ben ben

A – sempre estou ben levo demasiado tempo estando ben

B – ... soberbia estiveches soberbia

A – mentes só estiven ben mentes para compraceme

B – son para compracerte

*silencio
tempo*

A – dáme de fumar

B – non temos

A – non hai tabaco? vai por máis

B – ... lume non temos lume

* * *

*A mirándose nun espello de man ou non quizais mirando á fronte como se fose
un espello B peiteádoa*

A – hoxe vou saír prepárame roupa

B – cal?

A – non sei saca varios e escollo o azul mariño ou o verde entallado de grosjean si ese hai moito que non o poño
B – está ben gardado
A – cheirará a podre parece que xa me está a chega-lo cheiro e quero que me maquilles
B – vale
A – hai tanto que non saio ata eu estou sen ventilar ás veces paréceme que son eu o cheiro
B – cheiro?
A – non o notas?
B – estará podre algunha mazá
A – estará

tempo suficiente quizais enchelo con texto

B – este? *amosándolle un produto cosmético*
A – ben

*B comeza a maquillala
pouco tempo*

A – canto levas aquí?
B – que?
A – hai moito que chegaches?
B – algo hai
A – por que viñeches?
B – moito preguntas hoxe
A – por que viñeches?
B – pensei que me chamaras ti
A – eu non chamei a ninguén
B – cala un pouco agora *para pintarlle algo*
A – hai moito que non chamo por ninguén creo que nunca chamei por ninguén sempre me arranxei
B – ti soa
A – sempre nunca pedín
B – entón debín vir eu
A – por que viñeches?
B – alguén tería que maquillarte
A – faríao outro
B – entón debín vir por iso
A – non poñas moito brillo non quero parecer unha puta
B – un ton suave nos labios *xogando cos dedos nos beizos tempo*
A – remataches?
B – sombras nos ollos?
A – ti tamén as ves?
B – digo que se queres que che poña cor

A – xa non é algo tarde
B – ...
A – espero visita
B – non ías saír?
A – que?
B – nada
A – non quero parecer unha fulana
B – ... entón xa estás *recollendo a maquillaxe*
A – hoxe vai vir
B – virá

*A tócase a cara os labios o pelo todo con moita suavidade
apágase algunha luz B tenta arranxala escintila como se estivese a morrer
apágase [ou non] B queda mirando*

A – hoxe vou saír *prepárame roupa*
B – *tempo* cal?

* * *

A – que hora é?
B – ...
A – canto levo aquí?
B – cinco anos quizais seis?
A – non sei non conto o tempo nunca usei reloxo
B – xa

*silencio
tempo*

A – por onde iamos?
B – pola túa caída?
A – que dis?
B – pola túa primeira caída
A – eu non caín nunca!!!
B – non non refírome a...
A – xa sei non estou tola sei a que te refíres era unha noite fría de abril eu interpretaba a lady macbeth
B – macbeth?
A – si pensei que isto xa o escribiras
B – pode ser quizais me equivoquei nalgún punto segue
A – unha noite máxica shakespeare non ten igual o personaxe acaíame coma un guante a escenografía as luces o público ía verme a min larry dábame a réplica
B – larry?
A – si larry tiven que falar del antes ti tomas nota ou que fas?

B – ...

A – entendiámonos perfectamente o público aplaudía posto en pé aquela noite estiven brillante

B – sempre o estabas

A – lémbbrasme verdade?

B – como non facelo?

A – a xente era un clamor o escenario estrado de rosas

B – rosas?

A – encarnadas e brancas lémbroo perfectamente coma se fose agora mesmo logo contáronme que durante a miña actuación alguén no anfiteatro exclamara “canta ruindade” e outro “que interpretación” “memorable” “bravo bravo”

B – vaia

A – así como cho conto

B – non o lembraba así

A – estiveches alí?

B – refirome a que non lembraba que mo contaras así con tanta claridade

A – foi un éxito os mellores directores querían traballar comigo os grandes queríanme con eles no escenario

B – pero

A – que?

B – íasme falar diso

A – do que?

B – da ca...

A – *cortando* ben sei de que estás a falar non estou tola non me tomes por tal

B – ...

A – escoita

B – non oio nada

A – exacto

* * *

A – coñeces salzburgo?

B – salzburgo que é? un restaurante fino

A – eu actuei alí no gran casino eu era grande e o público queríame

B – e aínda te quere

A – cada noite chovían pétalos encarnados e os aplausos eran coma unha sinfonía barroca tiña que saír ata catro veces a saudar

B – habíanlle quedar boas as mans

A – e el sempre estaba alí viña tódolos días á función sen importarlle nada máis que verme sentaba sempre alí na mesma butaca

B – e como era?

A – era o home máis galante que coñecín sempre impecable traxe negro e bufanda branca chegaba ó camerino co sombreiro e os guantes na man e sempre traía un ramo e o mellor dos seus sorrisos preparado para ofrecermo

*comeza a soar unha melodía de caixa de música probablemente a mesma que tararea-
ba B entra unha figura masculina baila con A pero sen chegar a tocarse vai des-
aparecendo e A queda bailando soa un intre ata que aparece a figura de B
bailando con ela o cambio é un fundido cinematográfico da época muda
oscilan un pouco ó son da música e B axúdaa a sentar*

[A – xa che dixen que viría

B – ...

A – díxencho]⁴

* * *

quizais como remate da secuencia anterior e non como unidade solta

A – mexeime

B – ...

A – ...

* * *

⁴ Opcional.

II

a escena está bastante máis escura ó apagarse unha parte importante das luces toda esta parte A está moito menos enérxica os brazos parecen máis pesados e o seu aspecto é máis degradado

- A – escribe: unha noite fría de abril *B non escribe* non non pode comezar así
B – non claro
A – que pasa? non che gusta?
B – si claro
A – entón?
B – entón que?
A – por que cres que non pode comezar así?
B – eu non dixen nada
A – falei ti calaches eu dixen que non podía comezar así e ti dixeches: “non claro”

silencio

- B – vaia tes boa memoria
A – por que o dis?

silencio

- B – por nada

* * *

- A – por que vén toda esa xente a verme?
B – porque es unha estrela non? a xente é moi frívola gústalle mirarte
A – pero non me tocan non son atractiva? que pasa? a ti tampouco che gusto
B – como que non te toco? sempre que te mexas límpote

silencio ou

[canto hai que non sinto unha man cálida no peito a rozarme os seos como mo facía e ir baixando polo ventre ata atoparme e... *cortando* queres que escriba iso?]

- A – lembras salzburgo?
B – eu non estiven
A – si que estiveches
B – que va! acordaríame
A – pois eu si actuei no casino unha noite de abril de mil novecentos...
B – *cortando* queres que o escriba
A – o que?

B – iso
A – non

silencio
tempo

A – tiven unha filla *B atende calada* hai anos *tempo* non lembro moi ben el era todo un galán alto elegante ollos claros e profundos eu era unha rapaza inocente que comezaba a da-los primeiros pasos no meu mundo pequenos papeis que ninguén apreciaba pequenas obras que ninguén viu pero el fixouse en min eu era cordelia nun lear que non chegou a vello unha rosa agardábame ó saír do teatro chovía daquela sempre chovía eu deixábame abrazar ata o derradeiro café da noite recorriamos todo parís
B – estrañada parís...

silencio
tempo

B – e que pasou?
A – teño fame queda compota?
B – estabas a falar de parís e da túa filla e...
A – de que?
B – da túa...
A – *cortando* teño fame!

* * *

A – agora déixame descansar déixame morrer
B – ...
A – non sinto os pés pódeme axudar? axúdame
B – claro durmiríanseche hoxe bailaches como nunca prepároche un baño de sales
A – bailei como nunca? si é verdade bailei como nunca
B – ...
A – por que marchou?
B – ...
A – responde
B – non sei non o botaches ti?
A – puta es ti quen non quere que volva
B – que me chamach...
A – puta dixeran quérelo para ti
B – ...
A – tes papel?
B – queres fumar?
A – escribe
B – non sei

A – non me fales así

B – é verdade só aprendín a limparche o cu nunca me pediches que escribira

A – pois agora mándocho e tes que saber quero testar

B – [esta si que foi boa] *gran riso* e a min que me vas deixar?

A – non sexas vulgar quero arranxar esas cousas

B – esas cousas vale

A – por que me tes aquí?

B – tes fame? tráioche uns vermes? as mazás están cheas

* * *

ó igual que ó final da parte I comeza a soar unha melodía de caixa de música a mesma entra unha figura masculina a mesma baila con A pero sen chegar a tocarse agora máis de lonxe vai separándose cara a desaparición e B achegándose cun recorrido perpendicular A queda oscilando máis que bailando soa un intre mínimo ata que a desaparición del é a súa caída só é impedida polas mans de B que rapidamente avanzou para sostela axúdaa a sentar

A – por que me deixaches soa?

B – pero se estaba aí

A – deixáchesme soa e eu non fun capaz

B – capaz de que?

A – soa soa

B – xa está estou aquí contigo

A – perdóame

B – xa está xa pasou

A – eu era nova e non comprendín todas esas cousas que ten a vida...

B – queres que escriba?

A – cando apareceu deixei-me levar e logo as cousas non viñeron como agardaba

silencio

B – segue por favor segue

A – que fas cando es coma min que fas cando quedas soa ...

B – segue por favor segue

A – ...

B – *ansiosa* a túa filla estás a falar da túa filla?

A – soa

B – pero agora non estás soa eu estou aquí

A – *mirándoa acaríñalle suavemente a cara* vai frío non tes frío?

B – ...

A – tráeme algo para cubrirme *tápa* B *senta descompota*

silencio

tempo

A – lembrás salzburgo?

* * *

A – quéeresme?

B – matar

A – merda pa ti

B – arriba a finura

pausa

A – quéeresme?

B – e dálle?

A – hai tempo que non me tocas que é o que non che gusta? é polo olor verdade? este cheiro é cada vez máis insoportable

B – a min non me cheira *botando ambientador de spray*

* * *

A – tráeme a maquillaxe

B – queres que te pinte?

A – ...

B – ... *colle a caixa e ponse a maquillala*

A – ... suave non quero parec

B – *cortando* parecer unha puta

A – aínda estás aquí

B – queres que marche?

A – fai o que queiras espera tráeme os...

B – ... que?

A – nada

maquilládoa

A – está algo escuro

B – cala non te movas agora

A – non me mandes calar

B – *parando de pintala* entón como saberás cando facelo? *míranse fixamente*

A – segue

B – xa está

A – déixame verme

B – mírate

A – estou ben?

B – ...

A – claro sempre estou ben

* * *

A – ...eu era grande daquela querida e os grandes querían traballar comigo que papeis!
ofelia nora electra grandes éxitos ata que chegou lady macbeth o público volví-
ase tolo adorábanme estraban o escenario con caraveis

B – non eran rosas?

A – non caraveis brancos e encarnados lémbroo perfectamente porque non pinchaban
shakespeare sempre foi o máis grande [nada que ver con eses chafulleiros que escriben
agora non xuntarían un bo papel aínda que llo desen feito]⁵ ... e esperándome no cameri-
no... no camer... non... non... por favor *como afastando unha visión* déixame!
non!

B – que pasa?

A – non me toques! non!

B – que pasa? estás ben?

A – non!!

B – eu non che fixen nada *agarrándoa e tentando calmala* que foi? eh! eh!

A – non! déixame!!! *apartándoa*

B – tranquila xa pasou

A – non! sóltame!!!

B – xa está

A – nooon!!! *dálle unha labazada e tira a B ó chan* tranquilízase e agora pode vela
con certa claridade eu non quería

B – ...

A – perdóame

B – non pasa nada

A – perdoa eu non quería *chorando amargamente*

B – tranquila *collendo unha gran tea e cubríndoa dende as costas como unha gran capa*
tápate que te vai colle-lo frío

A – eu non quería

B – xa está xa pasou

A – eu non...

* * *

⁵ Opcional.

III

B dálle de comer a A dun prato fondo cunha culler é unha especie de puré A come coma os nenos e así é como a alimenta B raspándolle os restos que lle manchan a cara coa culler A está moito máis inerte que nas partes anteriores o seu corpo parece máis pesado e inútil está despeiteada e o seu rostro algo desfigurado cáelle un pouco de comida
a escena está moito máis escura é unha penumbra e hai partes completamente baleiras de luz

B – veña ho come
A – non teño fame
B – pero se che gusta moito
A – ...
B – veña unha culleradiña máis
A – non a quero
B – só unha
A – que non a quero puta!
B – ...
A – déixame

* * *

B – hoxe non falas?
A – non quero
B – pero eu...
A – non escoitas que...
B – non é por ...
A – puta!!! non me interrompas
B – por que me...
A – puta!!! a culpa é túa! puta!!!
B – por que me insultas?
A – a culpa é túa
B – non me insultes non é preciso
A – aquí mando eu!
B – precisamente
A – fago o que quero

silencio
tempo

A – *chorando* non mo tomes a mal
B – ...

A – foi culpa miña

B – *acariñándoa* non houbo pecado non pode haber culpa ti só fuches vítima os verdugos deixan pegadas fondas e ti apenas camiñas

A – ti non sabes nada

B – pois cóntamo para iso me tes por iso estou aquí

A – eu non te teño

B – si que me tes

A – perdóame

B – ...

silencio

tempo

A – queda algunha mazá?

B – algunha queda

A – teño fame

* * *

ó igual que nas partes anteriores comeza a soar unha melodía de caixa de música a mesma entra unha figura masculina a mesma A mírao pero el non se achega el marcha e ela queda coa cabeza baixa ata que cae ó chan ata ese momento B parecía durmida sentada sobre os baúis ó vela corre a axudala sostena axúdaa a levantarse e con dificultade finalmente séntaa

A – *mentres a ergue* había meses que non soñaba

B – ... *subíndoa con dificultades*

A – fáltanme cousas

B – que dis? aquí non che pode faltar nada

A – teño cousas sen facer agora xa é tarde

B – non aínda non é tarde

A – estou cansa

B – dime

A – estou cansa déixame durmir

B – ...

* * *

B – *vai lendo os papeis que están tirados polo chan pode ir ordenándoos nun cartafol ou tirándoos de novo ó chan* 25 de maio hoxe os síntomas parece que remitiron un pouco textual: non merecía que me pasase aquilo insisto en que me fale dela e da súa boca só saen cousas incongruentes de teatros camerinos e flores *outro papel* 4 de abril textual: eu era grande os mellores querían terme con eles no escenario *lendo máis abaixo* tódalas noites na mesma butaca sentado e no camerino sempre había un ramo a agardar por

min *outra folla* 9 de xuño unha semana sen escribir estou cansa moi cansa
o doutor recomenda que fale con ela teña paciencia díxome paciencia todo o que fala
parecen soños ou historias de revistas vellas hai tempo que non recoñezo os seus recordos
parece non distingui-la realidade xa non ten pasado para ela eu son como unha figura de
porcelana *outra folla* 18 de marzo obrígoa a falar pensa que son a súa biógrafa
hoxe deume unha caricia dubido se nalgunha ocasión me reconece textual: lembro as noi-
tes luminosas de viena estiveches en viena? é preciosa pola primavera eu actuei alí e
tiven moito éxito habíache gustar querida unhas veces chámame querida e outras puta
outra folla 12 de xullo isto faise cada vez máis duro odio estas paredes moi duro
buscando máis colle outra folla 15 de febreiro aquí está o doutor que nos atende pare-
ce moi amable chamou a varios colegas para contrasta-la súa opinión finalmente reco-
mendounos que quedásemos no centro para ter unha mellor observación da súa evolución
dixo: é dexenerativo paciencia escóitea obríguea a falar a recordar e teña paciencia

silencio

* * *

A – por que a mataches a ela?

B – que?

A – por que a mataches?

B – eu non matei a ninguén

A – era miña e ti arrincáchesma

B – eu non...

A – sei que fuches ti fun eu eu era nova eu non sabía... el era... eu... ti...

B – eu

* * *

A – ...

B – ...

silencio
tempo

A – estou cansa

B – ...

A – moi cansa

* * *

A – por que me matas?

B – como?

A – arríncasme o aire sinto os teus dedos dentro dos bronquios
B – deliras
A – non sei que me quíta-la vida agárrasme o corazón para que vaia máis amodo pín-
chasme a gorxa para que me desangre lentamente
B – *resignada* non eu non che fago nada diso
A – por que se apagan esas luces?
B – sabes ... sabes que se apagan *sorprendida e coincidindo co texto seguinte de A*
A – es ti quen o fai verdade
B – es consciente...
A – es ti quen as apaga
B – non non eu non son
A – es ti quen me mata?
B – non non eu non son
A – e a que esperas?
B – ...
A – faino
B – ...
A – por que non me miras?
B – ...
A – tranquila esas luces xa están apagadas // non podes prendelas

silencio
tempo

A – ven
B – que?
A – ven aquí abrázame bícame ámame por última vez e déixame ir agora sóltame
e déixame afogar que a corrente me leve onde queira
B – ...
A – déixame ir agora que aínda vexo agora que aínda sei
B – ...
A – déixame ir
B – mamá *chorando*

silencio
tempo

A – ti quen es?

B apaga a última luz que queda acesa

escuro

ÚLTIMOS TEXTOS EDITADOS POLA R.G.T.

- Josep María Miró:** *A muller que perdía todos os avións.*
Tradución: Afonso Becerra (nº63)
- Luis Araújo:** *Por que as acacias non han dar xarope?* (nº64)
Tradución: Xosé Manuel Pazos Varela
- Abel Neves:** *Nunca estive en Bagdad* (nº65)
- Teté García, Marta Pérez, Rosa Puga, Vanesa Sotelo:** *Expostas* (nº66)
- Lluïsa Cunillé:** *O tempo.* Tradución: Afonso Becerra de Becerreá (nº67)
Eduardo Alonso: *Piratas* (nº68)
- Jose Maria Vieira Mendes:** *Padam Padam* (nº69)
- Joan Giralt Bailach:** *Fóra feira* (nº70)
- Josep Maria Miró i Coromina:** *O principio de Arquímedes* (nº71).
Tradución: Afonso Becerra de Becerreá
- María Xosé Queizán:** *Ritos de sangue* (nº 72)
- Marta Freitas:** *Imundação* (nº73)
- Fernando Epelde:** *Caixa negra* (nº74)
- Raúl Dans:** *Unha corrente salvaxe* (nº75)
VV.AA: *Micropezas* (nº76)
- Susana Hornos e Zaida Rico:** *Bagos de uva no padal* (nº77)
Tradución: Xosé Manuel Pazos Varela.
- Ricardo Cabaça:** *Morte súbita* (nº 78)
- Carles Mallol:** *Mata o teu alumno* (nº79)
Tradución: Afonso Becerra de Becerreá
- Wajdi Mouawad:** *Arelantes* (nº 80)
Tradución: Henrique Harguindey Banet
- Clara Gayo:** *Prohibido sufrir* (nº 81)
- Gonçalo Waddington:** *Albertine, o continente celeste* (nº82)
- Xavi Morató:** *Un pé xigante esmágaos a todos* (nº83)
Tradución: Afonso Becerra de Becerreá
- Julio Fernández:** *A morte é breve* (nº84)

Consulta os textos publicados pola RGT na web:
www.revistagalegateatro.com